

BOLETÍN 34 (PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2010)

# BIBLIOTECA

COAG LUGO.

**Habitar** *v.t.*

1. Ter como lugar de residencia habitual. *Os últimos en habita-lo pazo foron os netos do marqués.*
2. Establecerse, para vivir, en [un lugar sen habitantes]. *En sucesivas migracións habitaron as terras do interior. Varias familias habitaron unha aldea abandonada.*
3. Ter como lugar de residencia habitual. OBS. Como intransitivo utilízase coa preposición *en*. *Os homes primitivos habitaban en covas.*

As condicións de utilización da biblioteca son as seguintes:







- Consulta libre na propia biblioteca.
- Préstamo por un prazo de 20 días prorrogables a outros 20, sempre e cando o libro non fose solicitado por outro usuario
- A renovación poderá realizarse por teléfono no horario de traballo do encargado da biblioteca.
- O número máximo de obras en préstamo (libros, revistas, CD's ou vídeos indistintamente) é de 6.
- Ó recibirlo préstamo o colexiado faise responsable da correcta manipulación e devolución dos exemplares, podendo solicitárselle a reposición dos exemplares prestados; de non producirse a devolución poderán cargárselle os custos derivados da reposición da obra non devolta.
- Poden solicitarse ou volverse obras mediante servizo de mensaxería ou cos envíos de proxectos. (Os envíos exclusivos de libros ou revistas serán por conta do solicitante)








Infórmovos tamén de que a Biblioteca da Delegación de Lugo do C.O.A.G. trocou a súa dirección de correo electrónico que agora é: [bibliotecalugo@colexiodearquitectos.org](mailto:bibliotecalugo@colexiodearquitectos.org) a disposición dos colexiados para consultas e suxerencias. O horario do bibliotecario é os xoves de 10 a 15 horas aínda que a biblioteca permanece aberta e operativa no horario laboral da Delegación.


marcos failde guerrero

Adquisicións da biblioteca dende xaneiro a marzal de 2010



## Revistas:

<p><b>AV Monografías. 137</b>          Casa Miradoiro, 1994-1999, Olot (España)          Centro cultural, 1994-1999, Riudaura (España)          Pabellón de baño, 1995-1998, Olot (España)          Instituto de secundaria Vilartagues, 1995-1999, Sant Feliu de Guixols (España)          Facultade de Ciencias Xurídicas, 1995-1999, Gerona (España)          Parque de Piedra Tosca, 1998-2004, Les Preses (España)</p>	
<p><b>El Croquis. 147</b>          Toyo Ito, 2005-2009          Parque Grin Grin na cidade Illa de Fukuoka          Aloxamento para empregados da factoría SUS en Fukushima          Tantorio municipal "Meiso no mori"          Ópera metropolitana de Taichung          Nova biblioteca central Deichman en Oslo.          Museo de arquitectura Toyo Ito en Imabari</p>	
<p><b>El Croquis. 148</b>          Experimentos colectivos.          Conxunto residencial na vaquería Carme de Abaixo          Conxunto residencial en Puente Sarela          Conxunto residencial en Caramoñina          Villa romana "La Olmeda"          Colexio de arquitectos de Vigo          Casa na ladeira</p>	
<p><b>AV Proyectos. 34</b>          Número con proxectos de bibliotecas como tema central.          BIG (Bjarke Ingels Group): Biblioteca Nacional, Astana          Sou Fujimoto: Biblioteca e museo universitario, Musashino          REX (Joshua Pince-Ramus): Biblioteca Central, Kortrijk          MVRDV: Biblioteca, Spijkenisse          DAB (Ferrater, Peñín, Gimeno): Biblioteca municipal, Vila-real          Paredes &amp; Pedrosa: Biblioteca pública, Córdoba</p>	
<p><b>Arquitectura COAM. 358</b>          Centro deportivo Montecarmelo          Casa-palacio do Condestable          Casa transpirable          Centro hípico de alto rendimiento          Proxecto habitacional en Santa Clara          A casa Utsav          Casa sobre o regato</p>	
<p><b>On Diseño. 305-306</b>          Premios FAD 2009.          Estación biolóxica de Garducho, Mourão, Portugal          Museo e Sede Institucional Medinat Al Zahra, Córdoba          Torre Mediapro, Barcelona          40 apartamentos tutelados para maiores, Benidorm          Vivenda en Avesadas, Marco de Canaveses, Portugal</p>	


<p><b>On Diseño. 307</b>  Arquitecturas diversas.  Centro das artes escénicas da Comunidade de Madrid  Auditorio e Centro municipal de exposicións de Ávila  Instituto de microciruxía ocular. Barcelona  Cidade da Xustiza de Barcelona  Espazo das artes en Santa Cruz de Tenerife</p>	
<p><b>On Diseño. 308</b>  Parador de Alcalá de Henares, Madrid  Hotel ME Barcelona  Hotel Mandarin no Paseo de Gracia, Barcelona  Hotel Món en San Fruitós del Bages, Barcelona  Centro de Conferencias La Mola, Terrassa, Barcelona</p>	
<p><b>Domus. 930</b>  Hearing museo de arte contemporánea en Dinamarca.  Zamet centre, Rijeka  Torre Aquileia, Jesolo  Instituto de microciruxía ocular. Barcelona  Supersudaka.cl, Chile  Vivendas sociáis en Umbrete, Sevilla  Pavillón Nissan en Yokohama</p>	
<p><b>Domus. 931</b>  Vivendas sociáis en Madrid  The High Line, New York  Museum as playground  Zaha Hadidd: Maxxi, Roma  Torre Liverpool, Cidade de Mexico  Casa O, Xapón  Casa Belavali, Maharashtra, India</p>	
<p><b>Domus. 932</b>  Cidade do deseño, Saint-Étienne, Francia  Casa O branca, Chile  Centro de Interpretación Mapungubwe, Sudáfrica  2+2 Casas  Centro cultural en Soignies, Belxica  Complexo residencial en Neuss, Alemania</p>	
<p><b>Domus. 933</b>  Centro comunitario en Yangzhou  Escola de primaria en Ponzano Veneto  Oficinas Miyajima en Hiroshima  Centro Ahmed Baba en Timbuktu, Mali  Ximnasio escolar en Barberá del Vallés, España  Casa cadrada en Karuizawa</p>	
<p><b>GA Document. 110</b>  Número adicado principalmente a Steven Hall  Knut Hamsun Center. Hamarøy, Norway  Linked Hybrid. Beijing, China  Vanke Center. Shenzhen, China  Nanjing Museum of Art &amp; Architecture. Nanjing, China</p>	

<p><b>GA Houses. 113</b>  Akira Yoneda: Hojo  Mathias Klotz: Techos House  Mathias Klotz: Bitran House  Mathias Klotz: Kuschnir House  Toyo Ito: White O.  Riesco+Rivera: House in Piedra Roja</p>	
<p><b>2G. 52</b>  Número adicado ás obras do estudo Sauerbruch Hutton.  Axencia Federal do Medio Ambiente, Dessau  Cúpula da Enerxía, Cidade do Medio Ambiente, Soria  Estudo urbano para Masséna Bruneseau, París  Plan urbano para a entrada a Tilburg  Caixa de Aforros Municipal de Obarhausen  Museo Brandhorst, Múnic</p>	
<p><b>Lotus Internacional. 140</b>  Anna Heringer. DESI, Rudrapur, Bangladesh, 2007-08. METI (Handmade School), Rudrapur, Bangladesh, 2005  Keio University Shigeru Ban + Hironori Matsubara Laboratory. Chengdu Hualin Elementary School, Chengdu, China, 2008  Arup Associates. Druk White Lotus School, Shey, Ladakh, India, 2002  Design Build Bluff. Rosie Joe House, Navajo Nation, Arizona, 2003-04  Rural Studio. Roundwood House, Greensboro, Alabama, 2007-08</p>	
<p><b>Detail. 47.</b>  Construcións sólidas.  Casa de veraneo ceca de Saki. Takao Shiotsuka Atelier, Oita  Escuela de enfermería en Niort. Hervé Beaudouin and Benoît Engel Architects, Niort  Bloque de vivendas e locais comerciais en Neu-Ulm. Fink+Jocher, Múnic  Residencia de estudantes en Austin. Alejandro Aravena, Santiago, Chile  Escola en Londres. Allford Hall Monaghan Morris, Londres  Edificio de oficinas en Colonia. Benthem Crowel, Aachen  Iglesia e centro parroquial de San Jorge en Pamplona. Tabuenca&amp;Leache Arquitectos, Pamplona</p>	

## Libros:

<p><b>IV Premio de Arquitectura Ascensores Enor</b>  Publicación adicada ó concurso organizado por esta empresa.  Contén planos e fotografías das obras premiadas.</p>	
<p><b>A+T Hybrids III</b>  Libro con formato de revista de arquitectura centrado na temática dos edificios que comparten usos residenciais con outros.  Contén planos e fotografías de calidades de diversas obras internacionais, entre as que podemos atopar dende a Torre Velasca en Milan, ata o John Hancock Center en Chicago, ou proxectos aínda sen contruir coma o Pontsteiger en Amsterdam.</p>	

**Espazos de Cultura. 35 anos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.**  
Libro editado polo COAG no que se repasa a labor realizada polo mesmo nos seus trinta e cinco anos de existencia.




**Estructuras de acero en la edificación.**  
Libro editado por Publicaciones APTA, que é unha asociación xoven, nada no ano 2004 coa finalidade de difundir o coñecemento técnico e as aplicacións do aceiro no sector da construción.  
Este libro profundiza no uso do aceiro como material estrutural nos edificios e a conveniencia de uso das diferentes solucións estruturais que este material permite.



**El acoso inmobiliario. Una lucha desigual.**  
A oficina do Defensor do Ciudadano publica este libro para a súa difusión gratuita a colectivos, organizacións sociais e entidades coa finalidade de afrontar, mediante coñecementos extraídos da propia realidade, instrumentos eficaces e estratexias conxuntas, o acoso inmobiliario.




**El Código Técnico de la Edificación como Norma Jurídica.**  
O Código Técnico da Edificación, destinado a establecer, especificar e cuantificar as esixencias básicas que a edificación debe cumprir para acadar os requisitos básicos establecidos na LOE, constitúe unha norma clave no sistema xurídico aplicable á edificación.  
Este libro ofrece respostas ás múltiples incógnitas xurídicas que plantea o CTE.



**Bloques cerámicos.**  
O uso dos bloques cerámicos na albañilería moderna convertiuse nunha realidade cada vez máis estendida. Neste libro de exemplos prácticos, baseado nun profundo coñecemento do tema, examínase con rigor a situación actual da construción con bloques cerámicos e reconduce o caudal de información ós elementos fundamentais. Para que o libro adquira un carácter máis práctico, adoptáronse dous casos tipo das que se desenrolan de maneira precisa e comprensible os seus detalles constructivos máis importantes. Para completa-la información, mostráronse varios exemplos de edificios construídos cos modernos bloques cerámicos de gran formato.




**Álvaro Siza. Conversaciones con Valdemar Cruz.**  
Este libro recolle varios encontros que, durante máis de unha década, Álvaro Siza mantivo co periodista portugués Valdemar Cruz.  
As palabras de Siza non só serven para reflexionar sobre temas profesionais en torno á arquitectura, a cidade e o espazo, se non que nos axudan a entender ó home que hai detrás das súas obras.



### De Forestier a Sert. Ciudad y arquitectura en La Habana (1925-1960).

A Habana da década dos 1920 e da década dos 1950 representan dúas realidades distintas, cada vez máis complexas, onde incluso o obxectivo compartido de converter Cuba nun destino para o turismo e o ocio de centos de miles de norteamericanos, pasou de ter como referente a Niza durante a dictadura de Machado a ter a Las Vegas durante a dictadura de Batista.

Un territorio pouco explorado que necesita ser revisitado coa distancia xeográfica e política suficiente como para aportar unha visión, sempre subxectiva, que permita dalo a coñecer para a súa xusta e necesaria valoración.



### Mirador + Plaza. Toledo.

En Toledo concéntrase arquitectura de períodos e estilos diversos. A trama urbana do casco histórico é densa polas condicionantes topográficas, culturais e tecnolóxicas e ten escasos desafogos, poucos espazos abertos. No caso da praza da Igrexa dos Jesuitas, únese á existencia de este espazo aberto, unha situación topográfica elevada respecto á cidade, o que convirte a este espazo público nun punto adecuado para a ubicación dun mirador.

O libro recolle as propostas realizadas por estudantes de arquitectura e arquitectos novos, por mor do III Concurso Cátedra Hispalyt.



### Arquitectura industrial en España (1830-1990).

O proceso de industrialización non foi levado a cabo por tódalas nacións europeas nin ó mesmo tempo, nin da mesma maneira. No que sí coincidiron foi no feito de situar os procesos productivos nun espazo cerrado, concebido dende a perspectiva da produción: a fábrica.





**Biblioteca da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**